

Carta de Vic

No corazón do *procés*

FRANCISCO CASTRO

En galego dicimos: *O falar non ten cancelas*. E realmente é así. Todo o mundo ten unha opinión sobre o que sexa. E por seguir con frases célebres: *Se non sabes, inventa*.

Isto acáelle á perfección á cuestión catalá, ao *procés*, ao 155, ao dereito a decidir, ao referendo, que se produciu e non se produciu... que todo o mundo ten algo que dicir, saíba ou non, coñeza os detalles ou non. Tanto ten. Aquí falamos e xa se verá se o que dicimos ten algo que ver ou non coa realidade. No fin de contas, tanto ten. O asunto é falar.

Eu, para esta cuestión, preferín falar pouco e aprender dos cataláns e das catalás, aproveitando unha viaxe profesional. escoitar. Falar pouco. Aprender.

Era un dos meus obxectivos, ademais do tema literario que ata alí me levara para unha pequena xira arredor da publicación do meu *Chamádeme Simbad* en catalán. Xa que estou, pensei, vou tentar entender, de verdade, que é o que hai no corazón desta xente. É o mínimo.

Así pois, en febreiro pasei unha semana en Cataluña, en distintos lugares do país, con base en Vic, pero movéndome por boa parte da xeografía catalá. E fíxeno, si, en plena lea do *procés*. Co artigo 155 da Constitución enriba daquela terra coma bloque de granito do Porriño, cun presidente da Generalitat en Bélxica e un vicepresidente na cadea. Visitei, pois, unha Cataluña que tenta seguir respirando malia a violencia xu-



dicial dun Estado que, podendo afrontar a cuestión dende un punto de vista político, preferiu facelo dende unhas leis que, se xa parecían anacrónicas e inservibles antes do choque de trens, visto o que aconteceu, en especial dende outubro pasado, está ben claro que necesitan unha reforma urxente.

Alguén dixo algunha vez que a política non era unha cuestión que lle preocupase á xente, que xa era cousa doutras épocas. Asumida a morte dos Grandes Relatos da Posmodernidade, dende finais dos anos oitenta do século pasado estendeuse, coma unha idea líquida e invisible que

nos ía impregnando a todos, a crenza, coma un dogma que non se discutía (hoxe diríamos: unha especie de posverdade), de que a política é *iso que fan os políticos* e que só preocupa aos políticos e, como moito, aos que van aos faladoiros dos medios de comunicación a (coma un servidor), precisamente, falar de política. Mais abondoume con saír do hotel e comezar a pasear por un lugar coma Vic para entender que iso non é certo.

En Vic a vida faise (niso non son orixinais, non son diferentes ao resto do Estado) arredor da praza Maior. Dende hai meses, este centro neuráxico da vila está presidida por unha xigantesca pancarta amarela (o amarelo é a cor dos lazos solidarios, haina que poñer preto do corazón, cos presos políticos) debaixo da cal, coma en calque-

Carta de Vic

No corazón do *procés*

FRANCISCO CASTRO

En galego dicimos: *O falar non ten cancelas*. E realmente é así. Todo o mundo ten unha opinión sobre o que sexa. E por seguir con frases célebres: *Se non sabes, inventa*.

Isto acáelle á perfección á cuestión catalá, ao *procés*, ao 155, ao dereito a decidir, ao referendo, que se produciu e non se produciu... que todo o mundo ten algo que dicir, saíba ou non, coñeza os detalles ou non. Tanto ten. Aquí falamos e xa se verá se o que dicimos ten algo que ver ou non coa realidade. No fin de contas, tanto ten. O asunto é falar.

Eu, para esta cuestión, preferín falar pouco e aprender dos cataláns e das catalás, aproveitando unha viaxe profesional. escoitar. Falar pouco. Aprender.

Era un dos meus obxectivos, ademais do tema literario que ata alí me levara para unha pequena xira arredor da publicación do meu *Chamádeme Simbad* en catalán. Xa que estou, pensei, vou tentar entender, de verdade, que é o que hai no corazón desta xente. É o mínimo.

Así pois, en febreiro pasei unha semana en Cataluña, en distintos lugares do país, con base en Vic, pero movéndome por boa parte da xeografía catalá. E fíxeno, si, en plena lea do *procés*. Co artigo 155 da Constitución enriba daquela terra coma bloque de granito do Porriño, cun presidente da Generalitat en Bélxica e un vicepresidente na cadea. Visitei, pois, unha Cataluña que tenta seguir respirando malia a violencia xu-



dicial dun Estado que, podendo afrontar a cuestión dende un punto de vista político, preferiu facelo dende unhas leis que, se xa parecían anacrónicas e inservibles antes do choque de trens, visto o que aconteceu, en especial dende outubro pasado, está ben claro que necesitan unha reforma urxente.

Alguén dixo algunha vez que a política non era unha cuestión que lle preocupase á xente, que xa era cousa doutras épocas. Asumida a morte dos Grandes Relatos da Posmodernidade, dende finais dos anos oitenta do século pasado estendeuse, coma unha idea líquida e invisible que

nos ía impregnando a todos, a crenza, coma un dogma que non se discutía (hoxe diríamos: unha especie de posverdade), de que a política é *iso que fan os políticos* e que só preocupa aos políticos e, como moito, aos que van aos faladoiros dos medios de comunicación a (coma un servidor), precisamente, falar de política. Mais abondoume con saír do hotel e comezar a pasear por un lugar coma Vic para entender que iso non é certo.

En Vic a vida faise (niso non son orixinais, non son diferentes ao resto do Estado) arredor da praza Maior. Dende hai meses, este centro neuráxico da vila está presidida por unha xigantesca pancarta amarela (o amarelo é a cor dos lazos solidarios, haina que poñer preto do corazón, cos presos políticos) debaixo da cal, coma en calque-

Carta de Vic

No corazón do *procés*

FRANCISCO CASTRO

En galego dicimos: *O falar non ten cancelas*. E realmente é así. Todo o mundo ten unha opinión sobre o que sexa. E por seguir con frases célebres: *Se non sabes, inventa*.

Isto acáelle á perfección á cuestión catalá, ao *procés*, ao 155, ao dereito a decidir, ao referendo, que se produciu e non se produciu... que todo o mundo ten algo que dicir, saíba ou non, coñeza os detalles ou non. Tanto ten. Aquí falamos e xa se verá se o que dicimos ten algo que ver ou non coa realidade. No fin de contas, tanto ten. O asunto é falar.

Eu, para esta cuestión, preferín falar pouco e aprender dos cataláns e das catalás, aproveitando unha viaxe profesional. escoitar. Falar pouco. Aprender.

Era un dos meus obxectivos, ademais do tema literario que ata alí me levara para unha pequena xira arredor da publicación do meu *Chamádeme Simbad* en catalán. Xa que estou, pensei, vou tentar entender, de verdade, que é o que hai no corazón desta xente. É o mínimo.

Así pois, en febreiro pasei unha semana en Cataluña, en distintos lugares do país, con base en Vic, pero movéndome por boa parte da xeografía catalá. E fíxeno, si, en plena lea do *procés*. Co artigo 155 da Constitución enriba daquela terra coma bloque de granito do Porriño, cun presidente da Generalitat en Bélxica e un vicepresidente na cadea. Visitei, pois, unha Cataluña que tenta seguir respirando malia a violencia xu-



dicial dun Estado que, podendo afrontar a cuestión dende un punto de vista político, preferiu facelo dende unhas leis que, se xa parecían anacrónicas e inservibles antes do choque de trens, visto o que aconteceu, en especial dende outubro pasado, está ben claro que necesitan unha reforma urxente.

Alguén dixo algunha vez que a política non era unha cuestión que lle preocupase á xente, que xa era cousa doutras épocas. Asumida a morte dos Grandes Relatos da Posmodernidade, dende finais dos anos oitenta do século pasado estendeuse, coma unha idea líquida e invisible que

nos ía impregnando a todos, a crenza, coma un dogma que non se discutía (hoxe diríamos: unha especie de posverdade), de que a política é *iso que fan os políticos* e que só preocupa aos políticos e, como moito, aos que van aos faladoiros dos medios de comunicación a (coma un servidor), precisamente, falar de política. Mais abondoume con saír do hotel e comezar a pasear por un lugar coma Vic para entender que iso non é certo.

En Vic a vida faise (niso non son orixinais, non son diferentes ao resto do Estado) arredor da praza Maior. Dende hai meses, este centro neuráxico da vila está presidida por unha xigantesca pancarta amarela (o amarelo é a cor dos lazos solidarios, haina que poñer preto do corazón, cos presos políticos) debaixo da cal, coma en calque-

Francisco Castro é escritor
e director xeral de Editorial Galaxia.

ra praza Maior europea, se celebra a vida. Tanto un mitin coma un concerto coma unha estrañísima festa, da que fun testemuña, de xente comendo a fartar sobrasada ás oito da mañá mentres porcos ao espeto se asaban, xusto, claro, debaixo da pancarta e da neve. Así de contraditorio é todo neste mundo raro.

Volvo ao comezo desta carta.

Dende a casa dun é moi doado falar. Da situación do Sáhara, do estado de forma de Messi ou de se o de Myanmar é ou non limpeza étnica. E de Cataluña tamén, claro. E o que se escoita por aquí, na casa, non se corresponde co que se vive aló. Porque os opinadores insisten, ata o cansazo, en que o asunto catalán xa non lle importa a ninguén, que o soberanismo rachou en mil anacos, e que a xente o que quere é seguir coa súa vida normal. Dino así, coma se este asunto político fose unha maldición que uns desalmados, mala xente (os independentistas), lanzasen sobre a veciñanza. *El País* ou *Antena 3*, por citar dous medios de comunicación de masas, é o que contan. Pero, insisto, un pasea por Vic, disposto a ver igrexas e edificios nobres (ten unha zona antiga preciosa e moi ben conservada), e atopa a *cuestión* por todas partes. Non se ten a sensación de que estean aburridos, fartos, rotos, fraccionados, a labazadas uns contra dos outros.

Máis ben, todo o contrario. Tense a sensación de que hai ganas de falar, de solucionar a cousa. Así aconteceu en todas e cada unha das ceas, dos xantares, e en todos e cada un dos encontros con xente do ensino, da política, da relixión, da cultura. Un fala e a un fálanlle, e vai entendendo. Sobre todo, que do que vai toda esta lea é de democracia. Do dereito a disentir.

Esta podería ser unha definición de democracia: mire, eu disinto, nós disintimos, e queremos dicilo e obrar en consecuencia aínda que a vostede lle pareza mal.

Non, non é un tema gastado.

As igrexas, que non perden nada da súa solemnidade, teñen, autorizadas polo señor cura párroco, un enorme lazo amarelo e solidario. O Concello tamén, coas balconadas insistindo

na mesma mensaxe. E alguén podería dicir: si, vale, de acordo, pero esas son *insititucións*. Son, claro que son. Pero se entras nos bares, nas librerías, nos restaurantes, as referencias ao asunto están por todas partes. Forma parte da realidade cotiá. Coma o aire que se respira. Coma a humidade logo da neve, que me acolleu, para a miña ledicia, aqueles días que botei alí vixiado polos Pireneos.

Aloxeime nun antigo seminario agora reconvertido, en parte, en hotel, mais tamén en colexio supercaro para familias con, como se dicía antes, *posibles*. E máis unha vez o tópico: a burguesía catalá fixo da lingua o seu sinal de indentidade. É así. Botei catro días durmindo alí e cruzándome con rapazada adolescente que fala en catalán, que rifa en catalán, que ama en catalán. Para eles non é, como é para nós (pobres neofalantes), unha actitude.

Para eles é.

Non hai palabra ningunha que lle poidamos poñer detrás.

A viaxe levoume tamén a Cerdanyola, a Manlleu e a Barcelona. Ou sexa, que transitei por boa parte da rede de estradas do país, moitas delas adornadas cos mesmos lazos amarelos que se locen nas chaquetas ou nas mochilas do colexio.

A verdade é que impresiona. Quilómetros e quilómetros de viaxe vendo os lazos. Imposible non ser conscientes da gravidade da cuestión. Imposible non entender que aí hai un país pedindo respecto.

Alguén dixo algunha vez que a mellor universidade é viaxar moito. En fin, igual ninguén o dixo e estou afirmando que alguén o dixo. En calquera caso, tanto ten.

Foi unha viaxe inesquecible por moitos máis motivos, sobre todo por estar no centro da cuestión. No corazón.

O meu falar quere ter, xa que logo, cancelas. Para falar con propiedade ■

Francisco Castro é escritor
e director xeral de Editorial Galaxia.

ra praza Maior europea, se celebra a vida. Tanto un mitin coma un concerto coma unha estrañísima festa, da que fun testemuña, de xente comendo a fartar sobrasada ás oito da mañá mentres porcos ao espeto se asaban, xusto, claro, debaixo da pancarta e da neve. Así de contraditorio é todo neste mundo raro.

Volvo ao comezo desta carta.

Dende a casa dun é moi doado falar. Da situación do Sáhara, do estado de forma de Messi ou de se o de Myanmar é ou non limpeza étnica. E de Cataluña tamén, claro. E o que se escoita por aquí, na casa, non se corresponde co que se vive aló. Porque os opinadores insisten, ata o cansazo, en que o asunto catalán xa non lle importa a ninguén, que o soberanismo rachou en mil anacos, e que a xente o que quere é seguir coa súa vida normal. Dino así, coma se este asunto político fose unha maldición que uns desalmados, mala xente (os independentistas), lanzasen sobre a veciñanza. *El País* ou *Antena 3*, por citar dous medios de comunicación de masas, é o que contan. Pero, insisto, un pasea por Vic, disposto a ver igrexas e edificios nobres (ten unha zona antiga preciosa e moi ben conservada), e atopa *a cuestión* por todas partes. Non se ten a sensación de que estean aburridos, fartos, rotos, fraccionados, a labazadas uns contra dos outros.

Máis ben, todo o contrario. Tense a sensación de que hai ganas de falar, de solucionar a cousa. Así aconteceu en todas e cada unha das ceas, dos xantares, e en todos e cada un dos encontros con xente do ensino, da política, da relixión, da cultura. Un fala e a un fálanlle, e vai entendendo. Sobre todo, que do que vai toda esta lea é de democracia. Do dereito a disentir.

Esta podería ser unha definición de democracia: mire, eu disinto, nós disintimos, e queremos dicilo e obrar en consecuencia aínda que a vostede lle pareza mal.

Non, non é un tema gastado.

As igrexas, que non perden nada da súa solemnidade, teñen, autorizadas polo señor cura párroco, un enorme lazo amarelo e solidario. O Concello tamén, coas balconadas insistindo

na mesma mensaxe. E alguén podería dicir: si, vale, de acordo, pero esas son *insititucións*. Son, claro que son. Pero se entras nos bares, nas librerías, nos restaurantes, as referencias ao asunto están por todas partes. Forma parte da realidade cotiá. Coma o aire que se respira. Coma a humidade logo da neve, que me acolleu, para a miña ledicia, aqueles días que botei alí vixiado polos Pireneos.

Aloxeime nun antigo seminario agora reconvertido, en parte, en hotel, mais tamén en colexio supercaro para familias con, como se dicía antes, *posibles*. E máis unha vez o tópico: a burguesía catalá fixo da lingua o seu sinal de indentidade. É así. Botei catro días durmindo alí e cruzándome con rapazada adolescente que fala en catalán, que rifa en catalán, que ama en catalán. Para eles non é, como é para nós (pobres neofalantes), unha actitude.

Para eles é.

Non hai palabra ningunha que lle poidamos poñer detrás.

A viaxe levoume tamén a Cerdanyola, a Manlleu e a Barcelona. Ou sexa, que transitei por boa parte da rede de estradas do país, moitas delas adornadas cos mesmos lazos amarelos que se locen nas chaquetas ou nas mochilas do colexio.

A verdade é que impresiona. Quilómetros e quilómetros de viaxe vendo os lazos. Imposible non ser conscientes da gravidade da cuestión. Imposible non entender que aí hai un país pedindo respecto.

Alguén dixo algunha vez que a mellor universidade é viaxar moito. En fin, igual ninguén o dixo e estou afirmando que alguén o dixo. En calquera caso, tanto ten.

Foi unha viaxe inesquecible por moitos máis motivos, sobre todo por estar no centro da cuestión. No corazón.

O meu falar quere ter, xa que logo, cancelas.

Para falar con propiedade ■

Carta de Vic

No corazón do *procés*

FRANCISCO CASTRO

En galego dicimos: *O falar non ten cancelas*. E realmente é así. Todo o mundo ten unha opinión sobre o que sexa. E por seguir con frases célebres: *Se non sabes, inventa*.

Isto acáelle á perfección á cuestión catalá, ao *procés*, ao 155, ao dereito a decidir, ao referendo, que se produciu e non se produciu... que todo o mundo ten algo que dicir, saíba ou non, coñeza os detalles ou non. Tanto ten. Aquí falamos e xa se verá se o que dicimos ten algo que ver ou non coa realidade. No fin de contas, tanto ten. O asunto é falar.

Eu, para esta cuestión, preferín falar pouco e aprender dos cataláns e das catalás, aproveitando unha viaxe profesional. escoitar. Falar pouco. Aprender.

Era un dos meus obxectivos, ademais do tema literario que ata alí me levara para unha pequena xira arredor da publicación do meu *Chamádeme Simbad* en catalán. Xa que estou, pensei, vou tentar entender, de verdade, que é o que hai no corazón desta xente. É o mínimo.

Así pois, en febreiro pasei unha semana en Cataluña, en distintos lugares do país, con base en Vic, pero movéndome por boa parte da xeografía catalá. E fíxeno, si, en plena lea do *procés*. Co artigo 155 da Constitución enriba daquela terra coma bloque de granito do Porriño, cun presidente da Generalitat en Bélxica e un vicepresidente na cadea. Visitei, pois, unha Cataluña que tenta seguir respirando malia a violencia xu-



dicial dun Estado que, podendo afrontar a cuestión dende un punto de vista político, preferiu facelo dende unhas leis que, se xa parecían anacrónicas e inservibles antes do choque de trens, visto o que aconteceu, en especial dende outubro pasado, está ben claro que necesitan unha reforma urxente.

Alguén dixo algunha vez que a política non era unha cuestión que lle preocupase á xente, que xa era cousa doutras épocas. Asumida a morte dos Grandes Relatos da Posmodernidade, dende finais dos anos oitenta do século pasado estendeuse, coma unha idea líquida e invisible que

nos ía impregnando a todos, a crenza, coma un dogma que non se discutía (hoxe diríamos: unha especie de posverdade), de que a política é *iso que fan os políticos* e que só preocupa aos políticos e, como moito, aos que van aos faladoiros dos medios de comunicación a (coma un servidor), precisamente, falar de política. Mais abondoume con saír do hotel e comezar a pasear por un lugar coma Vic para entender que iso non é certo.

En Vic a vida faise (niso non son orixinais, non son diferentes ao resto do Estado) arredor da praza Maior. Dende hai meses, este centro neuráxico da vila está presidida por unha xigantesca pancarta amarela (o amarelo é a cor dos lazos solidarios, haina que poñer preto do corazón, cos presos políticos) debaixo da cal, coma en calque-

Francisco Castro é escritor
e director xeral de Editorial Galaxia.

ra praza Maior europea, se celebra a vida. Tanto un mitin coma un concerto coma unha estrañísima festa, da que fun testemuña, de xente comendo a fartar sobrasada ás oito da mañá mentres porcos ao espeto se asaban, xusto, claro, debaixo da pancarta e da neve. Así de contraditorio é todo neste mundo raro.

Volvo ao comezo desta carta.

Dende a casa dun é moi doado falar. Da situación do Sáhara, do estado de forma de Messi ou de se o de Myanmar é ou non limpeza étnica. E de Cataluña tamén, claro. E o que se escoita por aquí, na casa, non se corresponde co que se vive aló. Porque os opinadores insisten, ata o cansazo, en que o asunto catalán xa non lle importa a ninguén, que o soberanismo rachou en mil anacos, e que a xente o que quere é seguir coa súa vida normal. Dino así, coma se este asunto político fose unha maldición que uns desalmados, mala xente (os independentistas), lanzasen sobre a veciñanza. *El País* ou *Antena 3*, por citar dous medios de comunicación de masas, é o que contan. Pero, insisto, un pasea por Vic, disposto a ver igrexas e edificios nobres (ten unha zona antiga preciosa e moi ben conservada), e atopa *a cuestión* por todas partes. Non se ten a sensación de que estean aburridos, fartos, rotos, fraccionados, a labazadas uns contra dos outros.

Máis ben, todo o contrario. Tense a sensación de que hai ganas de falar, de solucionar a cousa. Así aconteceu en todas e cada unha das ceas, dos xantares, e en todos e cada un dos encontros con xente do ensino, da política, da relixión, da cultura. Un fala e a un fálanlle, e vai entendendo. Sobre todo, que do que vai toda esta lea é de democracia. Do dereito a disentir.

Esta podería ser unha definición de democracia: mire, eu disinto, nós disintimos, e queremos dicilo e obrar en consecuencia aínda que a voste de lle pareza mal.

Non, non é un tema gastado.

As igrexas, que non perden nada da súa solemnidade, teñen, autorizadas polo señor cura párroco, un enorme lazo amarelo e solidario. O Concello tamén, coas balconadas insistindo

na mesma mensaxe. E alguén podería dicir: si, vale, de acordo, pero esas son *insititucións*. Son, claro que son. Pero se entras nos bares, nas librerías, nos restaurantes, as referencias ao asunto están por todas partes. Forma parte da realidade cotiá. Coma o aire que se respira. Coma a humidade logo da neve, que me acolleu, para a miña ledicia, aqueles días que botei alí vixiado polos Pireneos.

Aloxeime nun antigo seminario agora reconvertido, en parte, en hotel, mais tamén en colexio supercaro para familias con, como se dicía antes, *posibles*. E máis unha vez o tópico: a burguesía catalá fixo da lingua o seu sinal de indentidade. É así. Botei catro días durmindo alí e cruzándome con rapazada adolescente que fala en catalán, que rifa en catalán, que ama en catalán. Para eles non é, como é para nós (pobres neofalantes), unha actitude.

Para eles é.

Non hai palabra ningunha que lle poidamos poñer detrás.

A viaxe levoume tamén a Cerdanyola, a Manlleu e a Barcelona. Ou sexa, que transitei por boa parte da rede de estradas do país, moitas delas adornadas cos mesmos lazos amarelos que se locen nas chaquetas ou nas mochilas do colexio.

A verdade é que impresiona. Quilómetros e quilómetros de viaxe vendo os lazos. Imposible non ser conscientes da gravidade da cuestión. Imposible non entender que aí hai un país pedindo respecto.

Alguén dixo algunha vez que a mellor universidade é viaxar moito. En fin, igual ninguén o dixo e estou afirmando que alguén o dixo. En calquera caso, tanto ten.

Foi unha viaxe inesquecible por moitos máis motivos, sobre todo por estar no centro da cuestión. No corazón.

O meu falar quere ter, xa que logo, cancelas.

Para falar con propiedade ■

Francisco Castro é escritor
e director xeral de Editorial Galaxia.

ra praza Maior europea, se celebra a vida. Tanto un mitin coma un concerto coma unha estrañísima festa, da que fun testemuña, de xente comendo a fartar sobrasada ás oito da mañá mentres porcos ao espeto se asaban, xusto, claro, debaixo da pancarta e da neve. Así de contraditorio é todo neste mundo raro.

Volvo ao comezo desta carta.

Dende a casa dun é moi doado falar. Da situación do Sáhara, do estado de forma de Messi ou de se o de Myanmar é ou non limpeza étnica. E de Cataluña tamén, claro. E o que se escoita por aquí, na casa, non se corresponde co que se vive aló. Porque os opinadores insisten, ata o cansazo, en que o asunto catalán xa non lle importa a ninguén, que o soberanismo rachou en mil anacos, e que a xente o que quere é seguir coa súa vida normal. Dino así, coma se este asunto político fose unha maldición que uns desalmados, mala xente (os independentistas), lanzasen sobre a veciñanza. *El País* ou *Antena 3*, por citar dous medios de comunicación de masas, é o que contan. Pero, insisto, un pasea por Vic, disposto a ver igrexas e edificios nobres (ten unha zona antiga preciosa e moi ben conservada), e atopa a *cuestión* por todas partes. Non se ten a sensación de que estean aburridos, fartos, rotos, fraccionados, a labazadas uns contra dos outros.

Máis ben, todo o contrario. Tense a sensación de que hai ganas de falar, de solucionar a cousa. Así aconteceu en todas e cada unha das ceas, dos xantares, e en todos e cada un dos encontros con xente do ensino, da política, da relixión, da cultura. Un fala e a un fálanlle, e vai entendendo. Sobre todo, que do que vai toda esta lea é de democracia. Do dereito a disentir.

Esta podería ser unha definición de democracia: mire, eu disinto, nós disintimos, e queremos dicilo e obrar en consecuencia aínda que a voste de lle pareza mal.

Non, non é un tema gastado.

As igrexas, que non perden nada da súa solemnidade, teñen, autorizadas polo señor cura párroco, un enorme lazo amarelo e solidario. O Concello tamén, coas balconadas insistindo

na mesma mensaxe. E alguén podería dicir: si, vale, de acordo, pero esas son *insititucións*. Son, claro que son. Pero se entras nos bares, nas librerías, nos restaurantes, as referencias ao asunto están por todas partes. Forma parte da realidade cotiá. Coma o aire que se respira. Coma a humidade logo da neve, que me acolleu, para a miña ledicia, aqueles días que botei alí vixiado polos Pireneos.

Aloxeime nun antigo seminario agora reconvertido, en parte, en hotel, mais tamén en colexio supercaro para familias con, como se dicía antes, *posibles*. E máis unha vez o tópico: a burguesía catalá fixo da lingua o seu sinal de indentidade. É así. Botei catro días durmindo alí e cruzándome con rapazada adolescente que fala en catalán, que rifa en catalán, que ama en catalán. Para eles non é, como é para nós (pobres neofalantes), unha actitude.

Para eles é.

Non hai palabra ningunha que lle poidamos poñer detrás.

A viaxe levoume tamén a Cerdanyola, a Manlleu e a Barcelona. Ou sexa, que transitei por boa parte da rede de estradas do país, moitas delas adornadas cos mesmos lazos amarelos que se locen nas chaquetas ou nas mochilas do colexio.

A verdade é que impresiona. Quilómetros e quilómetros de viaxe vendo os lazos. Imposible non ser conscientes da gravidade da cuestión. Imposible non entender que aí hai un país pedindo respecto.

Alguén dixo algunha vez que a mellor universidade é viaxar moito. En fin, igual ninguén o dixo e estou afirmando que alguén o dixo. En calquera caso, tanto ten.

Foi unha viaxe inesquecible por moitos máis motivos, sobre todo por estar no centro da cuestión. No corazón.

O meu falar quere ter, xa que logo, cancelas.

Para falar con propiedade ■